

**PROXECTO COLECTIVO PARA A
CONSERVACIÓN DO ECOSISTEMA
MARÍTIMO MEDIANTE DIVULGACIÓN E
ACCIÓNS DE TRABALLO, PROTECCIÓN E
RECUPERACIÓN DOS RECURSOS
MARIQUEIROS E PESQUEIROS DA
RESERVA INTEGRAL MARÍTIMA
PESQUEIRA DE CEDEIRA E DO ÁMBITO
TERRITORIAL DA CONFRARÍA (PE209C
2019F-017)**

Dentro do proxecto indicado, subvencionado en virtude da **“Orde de 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2019 en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo e de Pesca (FEMP), que contribúan a protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental”** se realizaron unha serie de accións encamiñadas a conservación, protección e recuperación dos recursos marisqueiros e pesqueiros da reserva mariña de Cedeira,

O obxectivo principal deste proxecto é o de fomentar unha pesca responsable e sustentable dende un punto de vista ambiental, ademáis de mellorar a biodiversidade e calidade das zonas que abarca a xestión da Confraría de Cedeira. Para iso, leváronse a cabo diferentes traballos de diagnóstico e rexeneración de diferentes especies, así como do sustrato no que se desenvolven.

Realizouse un proxecto de diagnóstico e rexeneración da Magdalena, que consistiu na recolección de individuos de berberecho (*Cerastoderma edule*) na Ensenada de Esteiro. Ditos organismos foron pesados, medidos e marcados e introducidos en diversas caixas enterradas na area coa fin de comprobar a súa supervivencia no areal da Magdalena.



Individuos de berberecho marcados procedentes da Ensenada de Esteiro

Ademáis disto, tamén se realizaron traslados de berberecho na Ensenada de Esteiro dentro da propia praia dunha zona onde había unha densidade moi alta a outra onde se favoreceu o seu crecemento para optimizar a produción, traslados de cadelucha de zonas pouco propicias á zona intermareal e acondicionamento do terreo do Cubilote coa fin de favorecer o sustrato.

Outro dos traballos de rexeneración e mellora da produtividade desenvolvidos no ámbito da entidade consistiu na sementación de ameixa babosa (*Venerupis corrugata*) coa finalidade de incrementar a biodiversidade e en traballos de mantemento dos parques de ameixa fina (*Ruditapes decussatus*) mediante a retirada de redes rotas, remoción do substrato e medición de tódolos exemplares.



Remoción do sustrato



Agrupación de marisqueo a pé realizando mantemento dos parques de ameixa fina

Tamén se levaron a cabo traballos de diagnóstico e rexeneración do banco marisqueiro da praia da Magdalena mediante mostraxes intensivas, recolección de individuos de berberecho e remoción do substrato mediante labradoras.

Unha vez rematado este traballo, o persoal de marisqueo a pé desplazouse á praia da Magdalena onde procedeu a sementar os organismos capturados.



Remoción do sustrato mediante labrado con vehículo anfíbio dotado con grade



Sementeira do berberecho (*Cerastoderma edule*) polo persoal de marisqueo a pé

En canto a mostraxes do marisqueo a pé, realizáronse diversas mostraxes nos diferentes bancos marisqueiros e no caso de marisqueo a flote, controis e medicións dos individuos extraídos e descartados, a fin de garantir unha explotación axeitada dos recursos.

En canto á pesca de baixura, recolléronse datos sobre a actividade pesqueira de cada embarcación que faena dentro da reserva mariña e fixéronse mostraxes no punto de control das embarcacións.

Para finalizar coas mostraxes, rexistráronse mostraxes na RMIP das distintas especies para coñecer tamaño da poboación, estruturas de tallas, mortandade, área de distribución das distintas especies...

Todas estas mostraxes sirven como axuda para a elaboración dos elaboración dos plans de explotación, o plan de xestión da REMIP e informes.

Se realizaron tamén novos plans de explotación de novas especies.

Por outro lado, tamén se levan a cabo actividades de divulgación coa finalidade de aumentar a sensibilidade ambiental do sector para poder conseguir unha pesca responsable e sustentable e asegurar a conservación dos ecosistemas mariños.

Para finalizar, destacar que as labores da Asistencia Técnica resultaron imprescindibles para realizar dito proxecto así como tamén as labores que desempeñan os servizos de vixilancia das entidades, xa que exercen labores na loita contra o furtivismo, controlan os lotes de marisco e peixe na lonxa e ó acceso a RMIP "Ría de Cedeira", sobre todo dos pescadores deportivos.